



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
www.servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde
do Concello de **TORDOIA (A Coruña)**

FAI SABER

Que pola Orde do 27 de novembro de 2017 se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de **axudas ao alumnado do Sistema Universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán 2018, co obxecto de coñecer a lingua dese país. (ED416A) (DOG nº 22 do 05.02.2018).**

Obxecto

Convocar 200 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea durante o verán de 2018, do alumnado universitario matriculado no curso 2017/18 nalgunha das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Período e dotación da axuda

As actividades para as cales se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, exclusivamente, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2018, ambos inclusive. A dotación económica asignada a cada persoa beneficiaria será dun máximo de 1.000 euros.

Requisitos

1. Estar matriculado no curso 2017/18, como mínimo en 50 créditos, en calquera das universidades do SUG en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, e ter superado 60 créditos con anterioridade á data de publicación da orde na titulación que está a realizar. O alumnado que estea matriculado no traballo fin de grao poderá incluír os créditos que lle correspondan dentro do mínimo dos 50 créditos exixidos.
2. O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

Lugar de presentación: A solicitude presentarase obrigatoriamente a través da sede electrónica:
<https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación de solicitudes: até o 14 de marzo de 2018.

Tordoia , a 5 de febreiro de 2018
O alcalde

